

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i 2023-2024**

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2023

### **COMPARECEN**

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en adiante, a Consellería), nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16.05.2022), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

**SEGUNDO.-** A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo), de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

**TERCEIRO.-** Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Compre, polo tanto, contar cun conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

**CUARTO.-** Con cargo aos orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciáanse accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrencia competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG, a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.

Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

**QUINTO.-** Que Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea e Europa

innovadora. Sobre estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

**SEXTO.-** A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico facer mais visible e accesible a oferta de coñecemento e facilitar a transferencia ao conxunto do tecido empresarial (obxectivo estratéxico 1), integrándose polo tanto no programa Integra.

**SÉTIMO.-** O 24 de setembro do ano 2021 asinouse un "Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021" e o 14 de novembro de 2022 asinouse un novo "Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2022".

**OITAVO.-** Que para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica; para elo, a Universidade de Santiago de Compostela presenta un programa de necesidades da súa actividade investigadora, co fin de desenvolver accións de mellora en diferentes aspectos. A partir da situación actual, a Consellería considera necesario impulsar accións de ordenación, estruturación e potenciación da investigación.

**NOVENO.-** Nos anos 2023 e 2024 é necesario continuar con aquelas actuacións que están a ter un gran impacto non só dentro do ámbito universitario senón na sociedade como é o progreso desta Universidade nos seus ámbitos de especialización ao redor das TIC, a sustentabilidade e a enxeñaría e industria.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

O orzamento será de 6.523.036,00 €, distribuídos nas anualidades 2023 e 2024, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

|                                                            | 2023           | 2024           | TOTAL<br>2023 -2024 |
|------------------------------------------------------------|----------------|----------------|---------------------|
| <b>1. ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS</b>        |                |                |                     |
| 1.1. Infraestruturas científicas                           | 440.000        | 465.000        | 905.000             |
| <b>Subtotal Actualización e Renovación Infraestruturas</b> | <b>440.000</b> | <b>465.000</b> | <b>905.000</b>      |
| <b>2. ESTRUCTURAS INVESTIGACIÓN E CAPTACIÓN TALENTO</b>    |                |                |                     |
| 2.1. Apoio incorporación talento investigador              |                | 75.000         | 75.000              |
| 2.2. Apoio a convocatorias proxectos internacionais        | 25.000         | 25.000         | 50.000              |
| 2.3. Apoio plans estratéxicos Institutos                   | 22.000         |                | 22.000              |
| 2.4. Apoio centros investigación                           | 280.000        | 120.000        | 400.000             |
| 2.5 Ampliación contratos posdoutorais                      | 324.124        | 133.463        | 457.587             |
| 2.6 Financiación basal dos Centros da Rede CIGUS           | 615.250        | 1.230.499      | 1.845.749           |

|                                                                                                  |                  |                  |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|------------------|------------------|
| <b>Subtotal Accións Estruturas de Investigación</b>                                              | <b>1.266.374</b> | <b>1.583.962</b> | <b>2.850.336</b> |
| <b>3. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE I+D+i</b>                                                          |                  |                  |                  |
| 3.1. Axudas investigación                                                                        | 137.000          | 37.000           | 174.000          |
| 3.2. Accións de dinamización da transferencia de investigación                                   | 25.000           | 25.000           | 50.000           |
| 3.3. Galiciana - Arquivo Histórico                                                               | 28.000           |                  | 28.000           |
| 3.4. Accións selo excelencia                                                                     | 10.000           | 10.000           | 20.000           |
| 3.5. Promoción da colaboración da USC coa contorna                                               | 10.000           | 10.000           | 20.000           |
| 3.6. Accións de mellora da Fundación Rof Codina                                                  | 220.000          | 220.000          | 440.000          |
| 3.7. Summer Camp do gran consumo                                                                 | 5.000            |                  | 5.000            |
| 3.8. Xornadas de portas abertas e bolsas de verán                                                | 96000            | 96000            | 192000           |
| 3.9. Programa de proxectos colaborativos do Consorcio Euniwell                                   | 25.000           | 50.000           | 75.000           |
| 3.10. Campus de verán Xuvenia                                                                    | 10.000           | 10.000           | 20.000           |
| <b>Subtotal Accións Transversais</b>                                                             | <b>566.000</b>   | <b>458.000</b>   | <b>1.024.000</b> |
| <b>4. ACCIÓNS MESTRADOS E NOVOS GRAOS</b>                                                        |                  |                  |                  |
| 4.1. Experiencia piloto de mestrado dual                                                         | 20.000           | 20.000           | 40.000           |
| 4.2. Accións de mellora de innovación educativa                                                  |                  | 50.000           | 50.000           |
| 4.3. Accións de mellora das competencias transversais estudos de doutoramento                    | 40.000           | 40.000           | 80.000           |
| 4.4. Accións para mellora da calidade dos mestrados acreditados                                  | 37.000           | 37.000           | 74.000           |
| 4.5. Accións grao en Bioquímica. Laboratorios                                                    | 86.500           |                  | 86.500           |
| 4.6. Accións difusión graos en Empresa e Tenoloxía Cultural                                      | 6.600            | 6.600            | 13.200           |
| <b>Subtotal Accións Novos Graos</b>                                                              | <b>190.100</b>   | <b>153.600</b>   | <b>343.700</b>   |
| <b>5. OBRAS SINGULARES</b>                                                                       |                  |                  |                  |
| 5.1. Actuacións de implantación do grao de Intelixencia Artificial                               | 500.000          |                  | 500.000          |
| 5.2. Rehabilitación do edificio Chalé dos Catedráticos como centro de investigación              |                  | 350.000          | 350.000          |
| 5.3. Actuacións espazos de investigación                                                         | 50.000           | 50.000           | 100.000          |
| <b>Subtotal Obras Singulares</b>                                                                 | <b>550.000</b>   | <b>400.000</b>   | <b>950.000</b>   |
| <b>6. ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN</b>                                                                 |                  |                  |                  |
| 6.1. Rehabilitación e ampliación do Observatorio Astronómico                                     | 50.000           | 250.000          | 300.000          |
| 6.2. Adaptación de espazos e instalacións para outros recursos da Rede de Centros de Divulgación | 30.000           | 120.000          | 150.000          |
| <b>Subtotal Accións de Divulgación</b>                                                           | <b>80.000</b>    | <b>370.000</b>   | <b>450.000</b>   |
| <b>TOTAL</b>                                                                                     | <b>3.092.474</b> | <b>3.430.562</b> | <b>6.523.036</b> |

**SEGUNDA.- Actuacións**

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración en I+D+i (6) coa Universidade Santiago para as anualidades 2023 e 2024, tal e como se detalla a continuación:

## 1. ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS

Esta achega distribuirase:

|                                                                                                                                                                                                     | 2023   | 2024 | TOTAL<br>2023 -2024 |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|------|---------------------|
| <b>1. 1 ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS</b>                                                                                                                                               |        |      |                     |
| UNIDADE DE ANÁLISE INSTRUMENTAL. Actualización dos sistemas de control dun calorímetro e un termogravímetro e adquisición dun evaporador automático de mostras                                      | 25.000 |      | 25.000              |
| ACUARIO. Adquisición dun biofiltro e un sistema de adecuación térmica e desinfección para os tanques de estabulación de peixes do Acuario da USC                                                    | 30.000 |      | 30.000              |
| ÁREA DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN, ED. CACTUS DE SANTIAGO E DE LUGO. Acondicionamento e adaptación de laboratorios para a incorporación de novas infraestruturas científicas singulares      | 50.000 |      | 50.000              |
| UNIDADE DE MAGNETOSUSCEPTIBILIDADE. Adquisición dun sistema para a medición de Curvas Reversas de Primeiro Orde co magnetómetro PPMS da Área de Infraestruturas de Investigación                    | 15.000 |      | 15.000              |
| UNIDADE DE MAGNETOSUSCEPTIBILIDADE. Adquisición dunha bobina de alto calibre para o magnetómetro PPMS da Área de Infraestruturas de Investigación                                                   | 11.000 |      | 11.000              |
| UNIDADE DE ESPECTROMETRÍA DE MASAS E PROTEÓMICA. Adquisición dun sistema de pretratamento de mostras para espectrometría de masas                                                                   | 9.000  |      | 9.000               |
| UNIDADE DE ESPECTROMETRÍA DE MASAS E PROTEÓMICA. Adquisición dunha plataforma de procesado de datos de espectrometría de masas e proteómica en tempo real                                           | 20.000 |      | 20.000              |
| UNIDADE DE ESPECTROMETRÍA DE MASAS E PROTEÓMICA. Actualización do espectrómetro de masas Bruker timsTOF Pro a timsTOF Pro 2 con maior rango de análise de ións moleculares                          | 30.500 |      | 30.500              |
| UNIDADE DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA E CONFOCAL E DE APOIO ÁS ESPECIALIDADES BIOLÓXICAS. CAMPUS DE LUGO. Adquisición dun equipo de hidroxilización de reixiñas para microscopía TEM                   | 9.500  |      | 9.500               |
| ÁREA DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN, ED. CACTUS DE LUGO. Adquisición dun conxelador de -80°C para o Ed. CACTUS de Lugo                                                                         | 15.000 |      | 15.000              |
| UNIDADE DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA E CONFOCAL E DE APOIO ÁS ESPECIALIDADES BIOLÓXICAS. CAMPUS DE LUGO. Adquisición dun sistema de visualización baixo luz polarizada e un homoxenizador ultrasónico | 10.000 |      | 10.000              |

|                                                                                                                                                                                                                             |                |                |                |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|----------------|
| UNIDADE DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA E CONFOCAL E DE APOIO ÁS ESPECIALIDADES BIOLÓXICAS. CAMPUS DE SANTIAGO. Adquisición dun sistema de metalizado de mostras para visualización con TEM mediante ánodo de iridio             | 15.000         |                | 15.000         |
| UNIDADE DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA E CONFOCAL E DE APOIO ÁS ESPECIALIDADES BIOLÓXICAS. CAMPUS DE SANTIAGO. Renovación e mellora da cámara de adquisición de imaxes do microscopio TEM Zeiss Libra 200 do CACTUS de Santiago | 50.000         |                | 50.000         |
| UNIDADE DE EXPERIMENTACIÓN ANIMAL. CAMPUS DE LUGO. Adquisición de gaiolas metabólicas e un sensor multi-paramétrico para as área de estabulación de animais e experimentación con peixes do Campus Terra de Lugo            | 12000          |                | 12.000         |
| UNIDADE DE ARQUEOMETRÍA E CARACTERIZACIÓN DE MATERIAIS. Adquisición dun sistema de control de temperatura para estudos dinámicos nun microscopio petrográfico                                                               | 18000          |                | 18.000         |
| UNIDADE DE ARQUEOMETRÍA E CARACTERIZACIÓN DE MATERIAIS. Dotación de equipamento para a preparación de mostras para a Unidade de Arqueometría                                                                                | 20000          |                | 20.000         |
| ÁREA DE INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS. Adquisición de equipamento auxiliar para o microscopio Lightsheet                                                                                                                      | 100.000        |                | 100.000        |
| UNIDADE DE ESPECTROSCOPIA IR-RAMAN. Adquisición dun microscopio confocal Raman para ampliar a dotación de servizos da Unidade de Espectroscopía IR-Raman da USC                                                             |                | 150.000        | 150.000        |
| UNIDADE DE DIFRACCIÓN DE RAIOS X. Adquisición dun detector de raios X de alta sensibilidade e amplo rango dinámico para a caracterización de sistemas mediante dispersión de raios X (SAXS e WAXS)                          |                | 150.000        | 150.000        |
| UNIDADE DE ANÁLISE INSTRUMENTAL. Adquisición dun analizador elemental de macromostras para o Campus Terra de Lugo                                                                                                           |                | 120.000        | 120.000        |
| UNIDADE DE ESPECTROMETRÍA DE MASAS E PROTEÓMICA. Adquisición dunha fonte de ionización de tipo DART para os espectrómetros de masas Bruker da USC                                                                           |                | 45.000         | 45.000         |
| <b>Subtotal Actualización Infraestruturas Científicas</b>                                                                                                                                                                   | <b>440.000</b> | <b>465.000</b> | <b>905.000</b> |

As actuacións a levar a cabo son:

### 1.1. Infraestruturas científicas:

- i. Actualización dos sistemas de manexo e control do calorímetro DSC e o termo-gravímetro TGA/DSC da Unidade de Análise Instrumental da USC no Campus Terra de Lugo, debido a súa actual obsolescencia así como a adquisición dun evaporador automático de mostras, reducindo así os tempos de procesado e mellorando a eficiencia dos mesmos
- ii. Adquisición duns sistemas de purificación e adecuación térmica da auga para os tanques que están situados no Acuario da USC no Campus Vida. Este tanques son empregados por investigadores do Campus de Santiago para a estabulación e co-rentena de peixes de experimentación e a instalación destes sistemas é imprescind-

dible para cumprir os estritos requirimentos de desinfección e bioseguridade, factores clave para a saúde dos organismos acuáticos, que establece a nova lexislación estatal de benestar animal.

iii. Acondicionamento, construción e adaptación de laboratorios da Área de Xestión da Área de Infraestruturas de Investigación co obxectivo de instalar as novas infraestruturas científicas adquiridas durante o ano 2023.

iv. Adquisición dun sistema (hardware e software) que permitan a medición de Curvas Reversas de Primeiro Orde (FORC) co magnetómetro PPMS que está en funcionamento na Unidade de Magnetosusceptibilidade da USC. A cuantificación das FORC e o seu análise posterior sobre sistemas magnéticamente activos proporciona información adicional sobre os mecanismos de inversión magnética que se producen nos materiais, que cos sistemas tradicionais de medición de histérese magnética non se poden cuantificar. Esta metodoloxía de medición pode aplicarse a mostras comúns, pero tamén a mostras en película delgada e mostras con patróns nano-estruturados.

v. Adquisición dunha bobina de alto calibre para o magnetómetro PPMS que está en funcionamento na Unidade de Magnetosusceptibilidade da USC. A instalación deste accesorio no magnetómetro PPMS permitirá a ampliación da utilidade do seu módulo VSM ao poder acomodar nel portamostras de maior diámetro e celas de presión.

vi. Adquisición dun sistema de pretratamento e procesamento de mostras que permita ofertar dende a Unidade de Espectrometría de Masas e Proteómica unha solución global aos seus usuarios, a cal cubra dende os procedementos iniciais de preparación das mostras ata a realización do análise e caracterización final.

vii. Adquisición dunha plataforma informática que permita levar a cabo a procura nas bases de datos dos resultados das análises obtidos nos espectrómetros de masas en tempo real, isto é a medida que os analitos se van detectando no sistema.

viii. Actualización do espectrómetro de masas Bruker timsTOF Pro cun kit que permitirá facer a determinación de ións moleculares cun maior rango de masas nos fragmentos de baixo peso molecular, denominado timsTOF Pro 2.

ix. Adquisición dun equipamento para facer a hidrofiliación das reixiñas portamostras que se empregan para facer a visualización baixa a técnica de microscopía electrónica de transmisión.

x. Adquisición dun conxelador de  $-80^{\circ}\text{C}$  necesario para facer a almacenamento de mostras e reactivos sensibles á temperatura no Ed. CACTUS do Campus Terra de Lugo

xi. Adquisición de dous equipamentos auxiliares para a Unidade de Microscopía Electrónica e Confocal do Campus Terra de Lugo: un sistema de visualización baixo luz polarizada e un homoxenizador ultrasónico

xii. Adquisición dun sistema que permita facer a deposición dunha fina capa metálica de iridio (IR-sputtering) sobre as mostras que van ser observadas mediante mi-

croscopía electrónica de transmisión na Unidade de Microscopía Electrónica e Confocal do Campus Vida de Santiago. O emprego de iridio como axente sombreante das mostras permite unha mellor apreciación do tamaño das partículas a niveis nanoscópicos.

xiii. Actualización e mellora de compoñentes que forman parte da cámara de visualización de imaxes TEM do microscopio electrónico de transmisión de alta resolución Zeiss Libra 200 instalado na Área de Infraestruturas de Investigación, co obxecto de mellorar a prestación de servizos de visualización e análise de mostras que se levan a cabo con este equipo.

xiv. Adquisición dun conxunto de gaiolas metabólicas para a estabulación de animais, así como un sistema multiparamétrico de monitorización da calidade da auga das peixeiras de estabulación e experimentación. Estas adquisicións son necesarias para a consecución dos obxectivos propostos por varios investigadores que empregan estas instalacións para levar a cabo liñas de investigación que se desenvolven no Campus Terra de Lugo.

xv. Adquisición dun equipamento de control da temperatura de mostras que se poida acoplar ao microscopio petrográfico que hai instalado na Área de Infraestruturas de Investigación da USC para poder levar a cabo con el estudos dinámicos de temperatura sobre mostras polarizables, cristais líquidos e outro tipo de materias que experimenten cambios de fase ca temperatura.

xvi. Adquisición de equipamento necesario para a preparación e procesamento de mostras, como pode ser unha pulidora de cabezal automático, e sistemas de disgregación e moenda de mostras. Estes equipos pasarán a formar parte do Laboratorio de Procesado de Mostras que a Área de Infraestruturas de Investigación está a constituír no Campus de Santiago.

xvii. Adquisición de equipamento auxiliar necesario para o funcionamento do Ultramicroscopio Lightsheet para o seguimento das células neuronais. O microscopio é o único de folla de luz totalmente automatizado para obter imaxes de mostras grandes ou múltiples con resolución subcelular.

xviii. Adquisición dun microscopio confocal Raman para ampliar a dotación de servizos nesta modalidade de análise dentro da Unidade de Espectroscopía IR-Raman da USC debido a alta demanda que ten esta técnica analítica entre os investigadores da USC.

xix. Adquisición dun detector de raios X de alta sensibilidade para a súa instalación no sistema de análise estrutural por dispersión de raios X a baixo (SAXS) e medio (WAXS) ángulo que está en funcionamento na Unidade de Raios X da USC. Faise necesario a instalación dun detector destas características para poder levar a cabo a caracterización estrutural de sistemas nano estruturados (nano-partículas, films, sistemas micelares, emulsiones, fármacos, etc.) e meso-estruturados (polímeros, proteínas, MOFs, xeles, etc.) nos diferentes estados físicos en que se poden presentar as mostras (xel, líquido, sólido, suspensión, emulsión, etc.).

xx. Adquisición dun analizador elemental de macromostras para substituír o actual equipamento que está en funcionamento na Unidade de Análise Instrumental da USC pola súa antigüidade, xa que ao ter máis de 20 anos fai que os seus repostos xa non se encontren en stock e que o fabricante deixara de prestar servizo técnico nel. Este equipamento é moi empregado polos investigadores do Campus Terra de Lugo para a realización de análises de tipo CHNS de macromostras de orixe orgánico como son terras, forraxes, composts, bagazos, etcétera.

xxi. Adquisición dunha fonte de ionización de tipo DART, a cal é instalable en calquera dos espectrómetros de masas da marca Bruker que están operativos na Unidade de Espectrometría de Masas e Proteómica da USC. Esta fonte de ionización permite a inxección e ionización directa de mostras que están depositadas ou absorbidas nunha superficie, como por exemplo en soportes de cromatografía de capa fina, aumentando así a versatilidade analítica do espectrómetro.

## 2. CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO

Esta achega distribuirase:

| 2. ESTRUCTURAS DE INVESTIGACIÓN E CAPTACIÓN DE TALENTO                   | 2023             | 2024             | TOTAL 2023 -2024 |
|--------------------------------------------------------------------------|------------------|------------------|------------------|
| 2.1. Apoio incorporación talento investigador                            |                  | 75.000           | 75.000           |
| 2.2. Apoio a convocatorias proxectos internacionais                      | 25.000           | 25.000           | 50.000           |
| 2.3. Apoio plans estratéxicos Institutos                                 | 22.000           |                  | 22.000           |
| 2.4. Apoio centros investigación                                         | 280.000          | 120.000          | 400.000          |
| 2.5 Ampliación contratos posdoutorais                                    | 324.124          | 133.463          | 457.587          |
| 2.6 Financiación basal dos Centros da Rede CIGUS                         | 615.250          | 1.230.499        | 1.845.749        |
| <b>Subtotal Accións Estructuras de Investigación e captación talento</b> | <b>1.266.374</b> | <b>1.583.962</b> | <b>2.850.336</b> |

A finalidade desta actuación é reforzar os centros de investigación e a captación de talento para potenciar a actividade investigadora de excelencia.

As actuacións a levar a cabo son:

### 2.1 Apoio á incorporación de talento investigador

Esta acción está dirixida ao apoio na incorporación de talento sénior do programa Beatriz Galindo.

### 2.2. . Apoio a convocatorias proxectos internacionais

Impulso da participación dos grupos de investigación nas diversas convocatorias de proxectos de investigación competitivos, a nivel europeo. Esta liña de axudas potenciará a petición de proxectos europeos nos que a USC sexa líder dos mesmos. A complexidade dos proxectos, os traballos previos a realizar, fai necesario contar con apoios externos que complementen as capacidades propias internas.

### **2.3 Apoio á elaboración dos plans estratéxicos dos Institutos de investigación**

Actualmente, a Universidade de Santiago de Compostela agrupa ao maior número de titulacións e grupos de investigación nas ciencias sociais e humanidades en Galicia; conta ademais con varios institutos de investigación especializados, e participa en iniciativas interuniversitarias como a do CISPAC (Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais) ou ECOBAS (Economics and Business Administration for Society).

Neste marco de articulación e desenvolvemento das Ciencias Sociais e as Humanidades, a Vicerreitoría de Política Científica está a impulsar a creación de dous novos institutos, un no ámbito da psicoloxía, e outro no ámbito das humanidades.

Para poder acometer estas iniciativas é necesario contar co apoio de consultoras externas, que complementen as capacidades propias da institución, para a definición da axenda científica, e a elaboración dos plans de viabilidade económica e estratéxico, así como unha pequena dotación para accións de inicio de actividade, como o nomeamento e primeira reunión dos Comités Científicos Asesores Externos de cada un deles.

### **2.4 Apoio aos centros e institutos de investigación**

Esta Acción pretende apoiar aos centros de investigación non integrados na Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (RedCIGUS) e que estean en proceso de reformulación ou iniciando a súa actividade, necesitado de apoio para consolidar a súa organización como centro de investigación competitivo. Estes centros son:

- CRETUS – Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais
- IMATUS – Instituto de Materiais
- CISPAC – Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais
- CITMAGA – Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia
- IDEGA – Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia
- IBADER – Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
- IA – Instituto de Acuicultura
- IAQBUS – Instituto de investigación en Análises Químicas e Biolóxicas

A USC destinará ás accións de consolidación, propostas e lideradas polos propios centros, un total de 400.000 euros nos anos 2023 e 2024, os cales serán asignados a

cada un dos institutos e centros utilizando como base a produción científica dos anos 2021 e 2022, segundo a Táboa seguinte,

| Centro       | Importe           |                   |                   |
|--------------|-------------------|-------------------|-------------------|
|              | 2023              | 2024              | Total             |
| IBADER       | 15.481,39         | 6.634,88          | 22.116,26         |
| CITMAGA      | 55.420,28         | 23.751,55         | 79.171,83         |
| IDEGA        | 26.312,42         | 11.276,75         | 37.589,17         |
| IMATUS       | 54.859,56         | 23.511,24         | 78.370,80         |
| CRETUS       | 63.000,00         | 27.000,00         | 90.000,00         |
| CISPAC       | 36.723,20         | 15.738,51         | 52.461,71         |
| IAQUS        | 28.203,15         | 12.087,06         | 40.290,22         |
| <b>Total</b> | <b>280.000,00</b> | <b>120.000,00</b> | <b>400.000,00</b> |

Os Institutos IA e IAQBUS atópanse nestes intres nun proceso de reformulación das súas axendas científicas e plans estratéxicos polo que participarán neste programa de maneira conxunta (IAQUS).

Os fondos recibidos por cada instituto ou centro de investigación serán destinados ao financiamento de actividades nos seguintes ámbitos:

1. Convocatorias de proxectos, e accións de iniciación e consolidación da investigación

- Elaboración de propostas de proxectos en convocatorias Internacionais de I+D.
- Proxectos Colaborativos de Investigadores Mozos: a través dunha convocatoria interna de concorrencia competitiva, liderados e integrados por persoal investigador posdoutoral, nos que sexa obrigatorio a colaboración de dous ou mais ámbitos de especialización do centro ou instituto.
- Accións de iniciación e consolidación da investigación: neste apartado poderá financiarse a mobilidade internacional de estudantes de doutoramento (para obter a mención internacional), a mobilidade internacional de persoal investigador posdoutoral, e a convocatoria de bolsas de iniciación á investigación para estudantes de mestrado.

2. Apoio á Xestión e Gobernanza do centro ou instituto: neste apartado poderán incluírse os gastos asociados ás reunións dos comités asesores científicos externos (CACE/SAB) e as avaliacións do persoal investigador nos procesos de vinculación, de ser o caso. Tamén poderá co-financiarse o custo do persoal de xestión asociado ao centro ou instituto e financiarse accións de carácter estratéxico contempladas nos seus plans de acción.

3. Accións de formación e divulgación, e fomento da imaxe corporativa: poderanse financiar gastos asociados ás accións de formación específica ou transversal, organización de simposios/conferencias de investigadores mozos, xornadas de portas abertas, ou outras accións de divulgación similares ás anteriores.

Será imprescindible cumprir en todo momento coas normas de publicidade e difusión establecidas neste convenio.

## **2.5 Ampliación contratos posdoutorais**

En relación coas axudas para a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, tendo en conta os cambios normativos derivados da modificación da Lei 14/2011, do 1 de xuño, de ciencia, tecnoloxía e innovación, inclúese con cargo ao presente convenio:

- No caso de que as persoas que superen a avaliación para obter a modalidade posdoutoral B, o financiamento será o correspondente á posdoutoral – modalidade B e abranguerá dende o día seguinte ao da finalización do contrato posdoutoral 2019 – modalidade A ata a resolución de concesión.
- No caso de que as persoas non superen a avaliación para obter a modalidade B, o financiamento será o correspondente á posdoutoral – modalidade A e abranguerá dende o día seguinte ao da finalización do contrato posdoutoral 2019 – modalidade A ata un máximo dun ano.

## **2.6 Financiación basal dos Centros da Rede CIGUS**

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

a) Custo de contratación de persoal propio e de nova contratación (persoal investigador, técnico e auxiliar de investigación e xestores de ciencia). Admítese o custo derivado da cofinanciación de programas competitivos de recursos humanos que así o esixan tales como os programas estatais Juan de la Cierva e Ramón y Cajal. Non se subvencionarán os custos de persoal que xa estean cubertos polas dotacións previstas na Lei de orzamentos xerais do Estado ou nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma. A contratación poderá ser a tempo completo ou parcial.

Queda excluído o persoal que desempeñe funcións administrativas. Tampouco poderá admitirse os custos de persoas que aínda vencelladas ao proxecto non o estean mediante unha relación contractual.

b) Formación científica que se desenvolva no marco do proxecto estratéxico do centro.

c) Custos de pequeno equipamento inventariable de nova adquisición. Dentro deste apartado considerarase:

- A instalación do equipamento, sempre que sexa estritamente necesaria para a súa posta en funcionamento.
- As licenzas e renovacións de licenzas de software se son de uso específico para as actividades específicas e non de uso xeral.

Neste punto non se considerarán os seguintes gastos:

- Instalacións de edificios (electricidade, climatización, redes de telecomunicacións...), e as que non sexan estritamente necesarias para o funcionamento do equipamento científico e técnico.
- Equipamento para espazos ou usos alleos ás actividades subvencionadas, como zonas de administración ou xestión, salas de reunións, despachos, mobiliario de oficina...
- Licenzas de software xeral.

d) Custo en material funxible

e) Custos de viaxe, axudas de custo e aloxamento do persoal adscrito ao proxecto para a actividade obxecto da axuda, sempre que a contía non exceda o 20 % da axuda debidamente xustificada anualmente. Este apartado abarcará unicamente: gastos de viaxe (por exemplo billetes, quilometraxe do vehículo, peaxes e gastos de aparcadoiro), custos de comida e de aloxamento nas contías máximas sinaladas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (actualizado por Resolución do 29 de decembro de 2005, DOG número 250, do 30 de decembro de 2005) para un grupo I. Non se considerarán neste apartado o persoal colaborador externo do centro.

f) Consultaría e asesoramento externo para a presentación de proxectos, a contratación de servizos externos entendidos como actividades prestadas por terceiros de forma puntual, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultarías, asistencia técnica e servizos equivalentes para a execución das actividades investigadoras propias dos proxectos estratéxicos de investigación, informes técnicos, consultivos, tradución e corrección de textos científicos, publicación dos resultados de investigación en aberto (non son de aplicación nesta epígrafe os gastos de autoedición ou similares) e gastos asociados na publicación das memorias de actividades relacionadas co Proxecto Estratéxico

g) Gastos derivados das reunións do comité asesor externo (CAE), incluíndo gastos de viaxe, asistencia a reunións e elaboración de informes.

h) Actividades de divulgación e difusión, e material asociado, das actividades propias do Centro ou que nel se desenvolvan.

i) Gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría da xustificación económica por cada centro que obteña financiamento en cada unha das anualidades nas que a axuda estea activa. O custo por este concepto non poderá exceder de 1.200 € durante a vixencia do convenio.

Este financiamento abranguerá ata a publicación da resolución da nova orde reguladora da acreditación en excelencia e das axudas en estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia.

### 3. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE I+D+i

Esta achega distribuirase:

|                                                                | 2023           | 2024           | TOTAL<br>2023 -2024 |
|----------------------------------------------------------------|----------------|----------------|---------------------|
| <b>3. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE I+D+i</b>                        |                |                |                     |
| 3.1. Axudas investigación                                      |                |                |                     |
| i. Axuda para o uso das infraestruturas científicas            |                | 15.000         | 15000               |
| ii. Axudas a congresos e reunións científicas                  | 115000         |                | 115000              |
| iii. Axudas á difusión da investigación                        | 22000          | 22000          | 44000               |
| <b>Subtotal 3.1. Axudas investigación</b>                      | <b>137.000</b> | <b>37.000</b>  | <b>174.000</b>      |
| 3.2. Accións de dinamización da transferencia de investigación | 25.000         | 25.000         | 50.000              |
| 3.3. Galiciana - Arquivo Histórico                             | 28.000         |                | 28.000              |
| 3.4. Accións selo excelencia                                   | 10.000         | 10.000         | 20.000              |
| 3.5. Promoción da colaboración da USC coa contorna             | 10.000         | 10.000         | 20.000              |
| 3.6. Accións de mellora da Fundación Rof Codina                | 220.000        | 220.000        | 440.000             |
| 3.7. Summer Camp do gran consumo                               | 5.000          |                | 5.000               |
| 3.8. Xornadas de portas abertas e bolsas de verán              | 96000          | 96000          | 192000              |
| 3.9. Programa de proxectos colaborativos do Consorcio Euniwell | 25.000         | 50.000         | 75.000              |
| 3.10. Campus de verán Xuvencia                                 | 10.000         | 10.000         | 20.000              |
| <b>Subtotal 3. Accións Transversais</b>                        | <b>566.000</b> | <b>458.000</b> | <b>1.024.000</b>    |

As actuacións a levar a cabo son:

#### 3.1. Axudas investigación

i. Axuda para o uso das infraestruturas científicas: facilitar o acceso aos servizos de uso xeral a aqueles grupos de investigación que manteñan unha actividade investigadora acreditada e non dispoñan de financiamento na actualidade.

ii. Axudas a congresos e reunións científicas: actividades relacionadas co II Cumio Académico e do Coñecemento Unión Europea – Latinoamérica e Caribe (UE-CELAC). Os conceptos aos que se dará cobertura coa aportación procedente do convenio de I+D+i inclúen, entre outros, os seguintes: viaxes, traslados e aloxamento dos/das poñentes que participan nas distintas sesións do Cumio; catering e cea de gala; tradución simultánea das sesións; aluguer e montaxe de equipos de proxección, son, iluminación etc.; persoal auxiliar (azafatos/as); cobertura gráfica do evento; material gráfico; mantemento da páxina web do Cumio.

iii. Axudas á difusión da investigación: apoio ás revistas académicas e científicas da USC; implementación e, no seu caso, actualización permanente dos ecosistemas tecnolóxicos de última xeración, nomeadamente Open Journal Systems 3.0; formatos de preservación XML JATS e de saída .pdf, ePub e .html, etc.

**3.2. Accións de dinamización da transferencia de investigación.** Entre as que cabe salientar:

- O Programa Icarus: O programa ICARUS é unha iniciativa da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela (AVTE) co obxectivo de estimular nos estudantes da universidade unha reflexión sobre a aplicación social e económica do coñecemento contido nos seus traballos de fin de grao (TFG), mestrado (TFM) e teses doutorais. Os proxectos prometedores serán apoiados posteriormente coa finalidade de avaliar a súa viabilidade económica.

- O Campus de emprendemento: O obxectivo deste programa é avaliar a viabilidade das ideas que poidan xurdir dende o programa Icarus ou doutras ideas baseadas no coñecemento que desenvolvan e propoñan estudantes da USC. Durante unha semana os estudantes desenvolverán o seu business plan e contarán cun apoio titorial durante varios meses con posterioridade ó desenvolvemento do campus

**3.3. Galiciana - Arquivo Histórico:** A Universidade de Santiago de Compostela, atendendo á necesidade de actualizar o servizo web de difusión pública dos fondos documentais que custodia o seu Arquivo Histórico, ten a vontade de realizar a migración deste significativo volume de datos e imaxes da aplicación Archidoc/Archigés a Galiciana, cedendo tamén a súa explotación. No marco deste convenio financiarase esta transferencia de información e recursos dixitais, que tan relevante está a ser para múltiples investigacións e estudos, pero tamén, para a cidadanía en xeral

### **3.4. Accións selo excelencia**

En xuño de 2023 a Universidade de Santiago de Compostela renovou o Selo HRS4R, HR Excellence in Research, outorgado pola Unión Europea a aquelas institucións científicas comprometidas cunha estratexia de recursos humanos de investigación acordes co European Charter for Research e o Code of Conduct for the Recruitment of Research.

O Plan de Acción HR da USC desenvólvese en torno a sete prioridades que engloban aproximadamente 420 accións. O correcto desenvolvemento deste Plan de Acción precisa do mantemento operativo dun comité técnico, formado por persoal directivo de diferentes áreas (Xerencia, Xestión de I+D, Estratexia Científica, Comunicación, Xestión de Persoal, ...) que está a ser apoiado por asesoramento externo especializado, co obxectivo de levar a cabo unha correcta implementación do devandito plan.

O orzamento para esta liña de actividade destinarase á contratación do servizo de asesoramento externo, a organización da visita do comité avaliador da Comisión Europea, o desenvolvemento de accións de difusión, e a organización de accións de formación interna orientadas tanto ao persoal investigador como ao persoal de xestión da USC.

### **3.5. Promoción da colaboración da USC coa contorna**

As accións que se formulan teñen como obxectivo dar a coñecer, de forma dirixida, as capacidades en materia de investigación da USC e a transferibilidade dos seus resultados, analizando e seleccionando o conxunto de empresas obxectivo e estruturas empresariais, mediante distinto tipo de actividades:

- Reunións e visitas a empresas/institucións/asociación empresariais.
- Realización de eventos sectoriais, principalmente con clústeres empresariais, para dar a coñecer os resultados de investigación da USC, destacando as potencialidades de colaboración da USC.
- Participación en eventos sectoriais como os Galicia Biodays ou o evento anual Transfiere, e promoción das capacidades da USC en revistas online profesionais e sectoriais, como código cero.

**3.6. Accións de mellora da Fundación Rof Codina:** Os recursos previstos neste apartado, distribuiranse da seguinte forma:

a) Obras de adecuación e acondicionamento para a posta en marcha dun módulo para porcino, así como o adecuado illamento e climatización dos compartimentos onde se albergan animais relacionados coa investigación que se desenvolve no Cebiovet.

b) Contratación de persoal colaborador investigador para a supervisión e mantemento das instalacións e condicións ambientais durante o desenvolvemento dos proxectos, a supervisión do benestar animal e a xestión das actividades e os espazos do Cebiovet.

c) Adquisición de equipamento científico para o desenvolvemento da actividade investigadora

**3.7. Summer Camp do gran consumo:** A USC acollerá a celebración do Summer Camp AECOC de Gran Consumo, no que estudantes universitarios de toda España serán seleccionados para participar en xornadas de networking con grandes empre-

sas en busca de talento xove. Na súa edición 2023, a USC apoiará a celebración do Summer Camp AECOC de Gran Consumo sufragando os gastos de cesión de espazos da Facultade de Ciencias da Comunicación, os gastos de hospedaxe no Sistema Universitario de Residencias, así como a colaboración durante o evento da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC.

**3.8. Xornadas de portas abertas e bolsas de verán:** organización conxunta dos centros singulares de investigación de actividades de divulgación á sociedade como o Día da Ciencia Singular e as bolsas de verán.

### 3.9. Programa de proxectos colaborativos do Consorcio Euniwell

EUniWell, a Universidade Europea para o Benestar, é unha das 44 Alianzas Universitarias Europeas seleccionadas para o seu financiamento pola Comisión Europea no marco do programa ERASMUS+ en 2020.

Unha das liñas de colaboración é o Programa de Proxectos Semente, que ten como obxectivo financiar proxectos de colaboración entre investigadores, estudantes, docentes e persoal administrativo das nosas universidades. Ao abeiro deste Programa, organízanse dúas veces ao ano convocatorias en réxime de concorrencia competitiva para as que cada universidade do consorcio achega financiamento para o que se solicita no marco deste convenio 25.000€ no 2023 (para unha convocatoria) e 50.000 € no 2024 (para dúas convocatorias)

**3.10. Campus de verán Xuvencia:** para dar a coñecer a oferta docente e a investigación que se realiza no Campus Terra e ademais reforzar a relación entre o alumnado de ensino medio e o profesorado da USC.

## 4. ACCIÓNS MESTRADOS E NOVOS GRAOS

Esta achega distribuirase:

|                                                                               | 2023           | 2024           | TOTAL<br>2023 -2024 |
|-------------------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|---------------------|
| <b>4. ACCIÓNS MESTRADOS E NOVOS GRAOS</b>                                     |                |                |                     |
| 4.1. Experiencia piloto de mestrado dual                                      | 20.000         | 20.000         | 40.000              |
| 4.2. Accións de mellora de innovación educativa                               |                | 50.000         | 50.000              |
| 4.3. Accións de mellora das competencias transversais estudos de doutoramento | 40.000         | 40.000         | 80.000              |
| 4.4. Accións para mellora da calidade dos mestrados acreditados               | 37.000         | 37.000         | 74.000              |
| 4.5. Accións grao en Bioquímica. Laboratorios                                 | 86.500         |                | 86.500              |
| 4.6. Accións difusión graos en Empresa e Tenoloxía Cultural                   | 6.600          | 6.600          | 13.200              |
| <b>Subtotal Accións Novos Graos</b>                                           | <b>190.100</b> | <b>153.600</b> | <b>343.700</b>      |

As actuacións a levar a cabo son:

#### **4.1 Experiencia piloto de mestrado dual**

Entre as liñas de actuación da mellora da oferta docente da USC de cara ao futuro atópase a incorporación de titulacións con mención dual, unha das estruturas curriculares específicas recollidas no Real Decreto 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. Os títulos duais inclúen un proxecto formativo común que se desenvolve de forma complementaria nun centro universitario e nunha entidade colaboradora (empresa, organización social ou sindical, institución ou administración).

No contexto desta acción, propónse a posta en marcha das actuacións necesarias para o lanzamento de programas piloto de titulación dual a nivel de mestrado no futuro próximo como parte da oferta formativa da USC. As posibles actuacións a desenvolver inclúen, entre outras, as seguintes: actividades informativas e formativas relacionadas con experiencias previas de éxito, nomeadamente o modelo MONDRA-GÓN DUAL, que ofrece tres tipos de itinerarios formativos duais diferentes (Mención dual; Itinerario alternancia Universidad-Empresa/Escuela; Itinerario I-Dual); actividades a desenvolver coas entidades que sexan susceptibles de participar no deseño e implementación do título.

#### **4.2 Accións de mellora de innovación educativa**

Entre as liñas de actuación da mellora da calidade docente da USC atópase o fomento da innovación educativa nas titulacións oficiais que oferta a institución. Na anualidade 2024 destinaranse fondos do convenio á mellora da calidade das titulacións de grao que demostren un elevado nivel de excelencia en ámbitos como a captación de estudantado, a implantación de metodoloxías de innovación docente en materias das titulacións oficiais, a posta de marcha de experiencias de innovación docente en materias do título ou de accións relativas á empregabilidade e o emprendemento ou a realización de actividades de formación en innovación docente, entre outros.

#### **4.3 Accións de mellora das competencias transversais dos estudos de doutoramento**

As accións de dinamización incluídas neste apartado corresponden a actuacións organizadas pola Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) relacionadas co fortalecemento das competencias e habilidades transversais nos estudos de doutoramento, tales como: programa formativo en ámbitos como a comprensión das metodoloxías e técnicas de investigación e análise de datos, os procesos de documentación científica, as técnicas e métodos de comunicación científica e redacción de traballos de investigación, a formación sobre patentabilidade, a propiedade intelectual e a transferencia de coñecemento, entre outros.

A acción inclúe, así mesmo, a elaboración de material de difusión académico e informativo de doutoramento, nomeadamente o boletín electrónico da EDIUS.

#### 4.4. Accións para mellora da calidade dos mestrados acreditados

As accións específicas que se inclúen neste apartado están centradas na mellora da calidade das titulacións de mestrado que acadaron nos últimos anos a mención de excelencia concedida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como aqueles que, de ser o caso, acaden o selo de excelencia na convocatoria 2023. A listaxe de mestrados acreditados nos que participa a USC que obtiveron a mención de excelencia da Xunta son:

- Mestrado Universitario en Enxeñaría Ambiental (USC; convocatoria 2019-2020) – 20.000€
- Mestrado Universitario en Matemática Industrial (USC, UDC, UVigo; convocatoria 2021-2022) - 10.000€
- Mestrado Universitario en Computación de Altas Prestacións (USC, UDC; convocatoria 2021-2022) - 7.000€

Entre as posibles actuacións a desenvolver neste eido atópanse as seguintes: accións para a mellora das taxas de ocupación dos mestrados e da porcentaxe de alumnado estranxeiro (por exemplo, campañas de mercadotecnia dixital internacional); accións destinadas a mellorar a relación con entidades públicas e privadas que colaboren cos mestrados e a empregabilidade das persoas egresadas (por exemplo, visitas a empresas de referencia, charlas de profesionais en activo etc.); accións de seguimento dos/das egresados/as no mercado laboral; adquisición de equipamento específico necesario para a impartición dos mestrados.

#### 4.5. Accións grao en Bioquímica. Laboratorios

Desenvolvemento das actuacións necesarias para rematar a dotación dos laboratorios de prácticas na Facultade de Ciencias (Campus de Lugo) que son imprescindibles para a impartición das materias que teñen docencia interactiva de laboratorio específica para o Grao en Bioquímica.

#### 4.6 Accións de difusión dos graos en Empresa e Tecnoloxía e en Xestión Cultural

O obxectivo desta acción é a de promover a captación de alumnado con perfil adecuado para os graos de Empresa e Tecnoloxía e Xestión Cultural a través de iniciativas de difusión. En concreto:

- No Grao en Empresa e Tecnoloxía: Realizaranse visitas aos centros de ensino secundario interesados, tratando de captar este perfil de estudantes. Tamén se propón unha campaña de promoción en redes sociais (neste caso Instagram e Facebook).
- No Grao en Xestión Cultural: actividades de difusión e promoción da titulación entre o alumnado e os orientadores dos institutos (visitas ao centro, elaboración de merchandising para a titulación, promoción en redes sociais,

etc.). Ademais, realizarase unha graduación especial propia da titulación para a primeira promoción, invitando a algunha personalidade relevante no ámbito empresarial e tecnolóxico e cubrirase esta visita no marco deste convenio.

## 5. OBRAS SINGULARES

Esta achega distribuirase:

|                                                                                     | 2023           | 2024           | TOTAL<br>2023 -2024 |
|-------------------------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|---------------------|
| <b>5. OBRAS SINGULARES</b>                                                          |                |                |                     |
| 5.1. Actuacións de implantación do grao de Intelixencia Artificial                  | 500.000        |                | 500.000             |
| 5.2. Rehabilitación do edificio Chalé dos Catedráticos como centro de investigación |                | 350.000        | 350.000             |
| 5.3. Actuacións espazos de investigación                                            | 50.000         | 50.000         | 100.000             |
| <b>Subtotal Obras Singulares</b>                                                    | <b>550.000</b> | <b>400.000</b> | <b>950.000</b>      |

As actuacións a levar a cabo son:

### 5.1 Actuacións de implantación do grao en Intelixencia Artificial

A USC implatou os estudos do Grao de Intelixencia Artificial no curso 2022-2023, co-  
meizando coa organización da docencia dos dous primeiros cursos do grao. Co fin de  
dispor de instalacións adecuadas para estes novos estudos decidiuse habilitar novos  
espazos docentes no anteriormente denominado Edificio Emprendia.

Para rematar a implatación do estudos en Intelixencia artificial é necesario conti-  
nuar a reforma e equipación de espazos no mesmo edificio, agora coñecido como  
edificio IA. No marco deste convenio financíranse actuacións de reforma do primeiro  
e segundo andar do pavillón leste e do terceiro andar do pavillón central para aco-  
ller novos espazos e subministración e instalación de mobiliario de docencia para  
aulas no edificio Emprendia.

### 5.2 Rehabilitación do edificio Chalé dos Catedráticos como sede dun centro de investigación no ámbito das ciencias sociais e humanidades

Esta actuación comprende a realización dos traballos relativos a actuacións previas,  
movemento de terras, cimentación, saneamento horizontal, estrutura e cuberta no  
edificio Chalé dos Catedráticos

### 5.3. Actuación espazos de investigación.

Mellorar algúns espazos de investigación que permitan favorecer proxectos de  
investigación comúns e as sinerxías entre os investigadores (obras para adecuar  
espazos de *co-working*):

-Adecuación de espazos de investigación para o aloxamento dos contratados ao abeiro ERC e Oportunius. Pequenas obras de mampostería, instalacións eléctricas, rede de datos e pequeno mobiliario.

- Reordenación dos centros de investigación da USC e a creación a través de actuacións de reacondicionamento dos espazos de investigación. Estes espazos requiren diversas obras de acondicionamento tales como instalación eléctrica, mampostería, pequeno mobiliario, instalación da rede de datos, canalización de gases, ventilación, etc.

## 6. ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN

Esta achega distribuirase:

|                                                                                                  | 2023          | 2024           | TOTAL<br>2023 -2024 |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|----------------|---------------------|
| <b>6. ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN</b>                                                                 |               |                |                     |
| 6.1. Rehabilitación e ampliación do Observatorio Astronómico                                     | 50.000        | 250.000        | 300.000             |
| 6.2. Adaptación de espazos e instalacións para outros recursos da Rede de Centros de Divulgación | 30.000        | 120.000        | 150.000             |
| <b>Subtotal Accións de Divulgación</b>                                                           | <b>80.000</b> | <b>370.000</b> | <b>450.000</b>      |

As actuacións a levar a cabo son:

### 6.1 Rehabilitación e ampliación do Observatorio Astronómico

O Observatorio Astronómico Ramón María Aller é unha instalación científica da USC situada no campus de Santiago de Compostela. O observatorio emprégase para a actividade investigadora da área, na docencia das materias de astronomía que se imparten en distintas titulacións da USC e en actividades de difusión e divulgación para outros centros de ensino e colectivos.

No marco deste convenio financiarase unha renovación e a ampliación da instalación cun planetario co obxectivo de contar cun recurso didáctico para as materias de astronomía das titulacións da USC e para os grupos escolares e público xeral que acode ao observatorio. Esta nova instalación permitirá contextualizar os conceptos e observacións que se inclúen nas materias e nas visitas e introducir contidos actuais que fomentan o interese pola ciencia e pola actividade universitaria.

### 6.2 Adaptación de espazos e instalacións para outros recursos da Rede de Centros de Divulgación

A USC está formando unha Rede de Centros de Divulgación co obxectivo de fomentar o interese pola ciencia e a cultura científica na sociedade da sociedade, contribuír á ciencia aberta, crear espazos de encontro entre a cidadanía e o persoal investigador e promover as vocacións científicas e STEM.

Forman parte desta rede centros consolidados como o Museo de Historia Natural ou o Observatorio Astronómico Ramón María Aller, para o que tamén se inclúen actuacións nesta memoria. Ademais das grandes dotacións, a USC conta con coleccións, fondos e patrimonio de interese en varios centros que é necesario poñer

en valor, sen ter necesidade de contar cun contedor específico para a súa visita e inclusión en actividades de valoración e divulgación.

Así pois, propónse a realización de actuacións de adecuación dos espazos e de reparación e mellora do equipamento de exhibición e divulgación nas seguintes dotacións que acollen coleccións, recursos e patrimonio da Rede de Centros de Divulgación da USC:

1. Mellora das instalacións e equipamento da Domus Mitreo
2. Acondicionamento de espazos e soportes expositivos para o Museo Galego da Psicoloxía
3. Acondicionamento de espazos e material expositivo para o Museo do antigo gabinete da Facultade de Física
4. Recuperación e posta en valor do Museo da Farmacia de Galicia Aniceto Charro
5. Actuacións de conservación no patrimonio histórico da USC, no campus de Santiago de Compostela

### **TERCEIRA.- Obrigas**

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola USC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A USC comprométese a desenvolver as accións descritas así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. No caso de obras debe comunicar a data de concesión da licenza de obra, a contía da adxudicación da obra e o inicio dos traballos.

A universidade tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

De non facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación será causa de reintegro de ata o 1 % da subvención concedida.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a USC non se atope

ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

#### **CUARTA.-** Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de 6.523.036,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

|             | 2023         | 2024         | TOTAL        |
|-------------|--------------|--------------|--------------|
| ANUALIDADES | 3.092.474,00 | 3.430.562,00 | 6.523.036,00 |

Esta cantidade de 6.523.036,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de congresos.

- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultoría e asesoramento externo para estudos e actividades complementarias.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas, contratación e execución das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas ou no caso de que non se poidan adxudicar as obras establecidas neste convenio, poderanse incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio ou pequenas reformas, previa comunicación.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

#### **QUINTA.- Fórmula de pagamento**

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 1 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte. No caso da última anualidade 2024, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o

prazo de xustificación das nóminas de novembro e decembro deberá realizarse dentro da anualidade 2024.

- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (6), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Os pagamentos dos contratos de persoal correspondentes ás nóminas e á seguridade social dos meses de novembro e decembro da anualidade de 2023 poderán presentarse como xustificante de gasto da anualidade do ano 2024.

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

#### **SEXTA.- Responsabilidade**

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

#### **SÉTIMA.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

#### **OITAVA.- Pagamentos a conta**

Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta, poderá realizarse adicionalmente outro pagamento a conta anual. O pagamento a conta poderá supoñer a realización dun pagamento fraccionado que responderá ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Este pagamento adicional ao establecido na cláusula quinta deberá cumprir dúas condicións:

- Deberá presentarse a documentación xustificativa antes do 30 de setembro.
- De conformidade co disposto no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia: o importe conxunto dos pagamentos a conta que no seu caso se concederan non poderán ser superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Así mesmo, establécese que non poderá ser inferior ao 50% da porcentaxe subvencionada correspondente ao pagamento xustificado en cada anualidade.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Para proceder ao seu pagamento, a USC deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula quinta.

A USC está exenta da obriga de constituír garantías para os pagamentos a conta, de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do regulamento antes mencionado.

#### **NOVENA.- Modificación do convenio**

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público au-

tonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **DÉCIMA.- Extinción do convenio**

Non obstante ao establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

#### **UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio**

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2024.

#### **DUODÉCIMA.- Natureza do convenio**

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos arti-

gos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrència competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de Axudas Estadais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2022/C414/01), publicado no "Diario Oficial da Unión Europea" C 414, de 28 de outubro de 2022, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.-** Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano

2006, a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **DÉCIMO-CUARTA.-** Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)